



GRADO MEDIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL

Técnico/a en Escavaciones e Sondaxes



O teu futuro, a túa formación

No ano 2023 comezou a impartirse o ciclo de Formación Profesional Dual de Técnico/a en Escavacións e Sondaxes. Na actualidade, este ciclo impártese na Escola de Canteiros, en Poio, e está orientado á formación de profesionais para postos con alta demanda laboral, como operador/a de pas e escavadoras, condutor/a de dumper, sondista, perforista ou técnico/a en voaduras.

A modalidade dual permite realizar estadias en empresas dende o primeiro ano, combinando formación e experiencia laboral cunha remuneración económica dende o inicio da estancia na empresa.

Terás maior facilidade para a inserción no mercado laboral mediante a adquisición dunha titulación de Formación Profesional e, de forma simultánea, a

integración nos procesos produtivos da empresa.

- Nun sector **profesionalizado**, que demanda man de obra cualificada adaptada ás necesidades das empresas.
- Nun sector cada vez máis **tecnificado**, no camiño da transición dixital.
- Cunha **formación constante** en materias transversais como: produción industrial, mantemento de maquinaria, prevención de riscos laborais, transporte e loxística, xestión de empresa, etc...
- Comprometido co **medio ambiente** e a sustentabilidade.
- Con **baixa taxa de rotación**, que necesita talento novo comprometido.
- Con **proxección autonómica e nacional**. Estímase que serán necesarios máis de 300 traballadores/as nos próximos 5 anos en Galicia.

Plan de estudos

O ciclo formativo abarca os seguintes módulos profesionais:

- Sondaxes
- Traballos xeotécnicos
- Construción e obra civil
- Perforacións
- Técnicas de voaduras
- Sostemento e estabilización de noiros
- Operacións de carga e transporte en escavacións
- Operación e manexo de maquinaria de escavación



Saídas profesionais

Ao finalizar o ciclo, os/as estudantes estarán preparados/as para traballar en compañías dedicadas á extracción ou exportación de recursos naturais, construción, obra civil, movemento de terras, perforación e sondaxe, estiba portuaria, xeotecnia, etc., entre outros moitos campos máis.

- Operador/a de escavadora
- Operador/a de pa cargadora
- Conductor/a de dumper
- Operador/a de maquinaria de perforación
- Operador/a de maquinaria de sondaxe
- Técnico/a de voaduras
- Técnico/a de prospeccións e sondaxes
- Operador/a de maquinaria de arranque en minería subterránea
- Operador/a de maquinaria de carga en minería subterránea
- Electromecánico/a de maquinaria e instalacións



Técnico/a en Escavacións e Sondaxes

- Duración académica de 2.000 horas das que na empresa son un mínimo do 33%
- Formación no centro educativo de setembro a febreiro incluídos
- Formación práctica remunerada de marzo a xullo
- Idade mínima de comezo das prácticas: 18 anos

Inscrición

A inscrición está aberta dende a última quincena de xuño e poderán matricularse aqueles que estean en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- Título de Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria ou dun nivel académico superior
- Título Profesional Básico (Formación Profesional de Grao Básico)
- Título de Técnico/a ou de Técnico/a Auxiliar ou equivalente a efectos académicos

Matrícula

1.ª convocatoria a través de:

edu.xunta.gal/fp/ven-fp

Sucesivas convocatorias:

Centro Público Escola de Canteiros

Rúa Illa do Santo, 3, 36005, Poio

Teléfono: 886 152 112

cifpcanteria.gal

Máis información: edu.xunta.gal/fp/informacion-xeral

Infórmate: arigal@arigal.gal

 [@aridos_galicia](https://www.instagram.com/aridos_galicia)  [@arigal.gal](https://www.soundcloud.com/arigal.gal)

Co financiamento da Xunta de Galicia

